




A MÚSICA DA AUGA

Anxo Moure/Servando Barreiro



NACIMENTO

No sábado 21 de maio do 2016, Anxo Moure entregoume en man na casa das árbores de Garabelos o que sería o libreto do noso futuro proxecto "A música da auga". Todo ese ano levamos "A música das árbores" polos salóns, rúas, feiras e prazas das nosas vilas e cidades (salón do libro de Pontevedra, feira de sementes de Leboso, maios do barco, plantación de maceiras en Saxamonde, feiras do libro e festivais de verán).

En xaneiro do 2017 comecei as miñas primeiras gravacións para o novo proxecto en Arcade porque as nosas árbores precisaban de auga. Isto fíxose cada vez máis evidente polas grandes secas e incendios que asolaron despois o noso país. Todo este ano estivemos levando "A música das augas" por vilas e cidades e paralelamente traballando na súa gravación e ilustracións.

No xaneiro do 2018 terminei os últimos retoques musicais, mesturas e masterización así como o deseño da obra que agora tes nas túas mans, concibida con todo o amor que precisa esta terra e estas augas tan maltratadas polos humanos.

DESENVOLVEMENTO

A historia comeza recuperando a cultura tradicional do "espertar das augas" (Hai anos a xente maior batía coas palmas diante dunha fonte para espertar a auga e que non lle mancase a barriga), continuando co ciclo da auga a través do percurso dun río (o miño) desde o seu nacemento no pedregal de Irimia, até a súa morte no océano Atlántico.

Neste percurso coñeceremos os seres que nel habitan (O trasno Zaín, a xacia do Miño, Avelino, o barqueiño...) e as súas aventuras, tratando de os protexer contra os abusos dos humanos. Tamén os lugares por onde este río vai pasando até chegar ao mar onde nos toparemos coa señora da cestola na cachola que nos conta a historia de Sabeliña, sabelar, a filla da onda do mar que quería ser nena e coa area xogar.


Grazas a toda a xente que me acompañou e me continua a acompañar nesta fermosa viaxe polos nosos bosques, ríos e mares, ben contando historias, ben acompañándome no ritmo das augas cos seus instrumentos e as súas voces. Tamén aos amigos que fixeron posible a gravación e a edición deste traballo.

Servando Barreiro. Vigo, 12 de febreiro de 2018

1. Din os máis vellos que a auga fica durmida no ventre da montaña, que garda historias, contos e cantos, a conversa das árbores coa neboa, a fala do vento e o canto da chuvia.

Din os máis vellos que antes de beber un grolo de auga dunha fonte ou dun regato debemos espertala cun bater de palmas e unha cantiga do bardo Abelardo.

 Esperta, pequena auga que naceu na montaña
 Esperta con este canto que che canta o ser humano
 Esperta como fai o Artai no berce da súa nai Ana
 Esperta como fai o paxaro para espertar ao Mariano
 Esperta, pequena auga que unha historia tes para contar
 Esperta porque a terra tes que ensinarnos a amar.



2. Pero antes de ser fonte ou manancial de nacente, a auga foi mar e río e despois talvez foi chuvia, foi unha nube que bebeu a auga dun río que cantaba.. E cando a nube se deitou a durmir, namorada da montaña, foi quen de encher a súa pel de auga, de empreñala de regatas, para que no mencer parise a vida.

Chove, nube, chove para que nazan os ríos

Chove, nube, chove para que falen as fontes

Chove, nube, chove para que canten os bosques

Chove, nube, chove para que beban os pobres

Quero beber o teu canto

Empaparme do teu soño


Bañarme quero nun río

Mergullarme nos teus ollos.



3. E foi que a fonte creou un regato, e foi que o regato creou unha fervenza, e foi que a fervenza creou un río e foi que un río un día tivo medo, e falou co resto dos ríos, e tiñan medo porque o ser humano os mancara con lixo, encoros e morte, así que un día decidiu retirarse e falou co resto dos ríos e todos confluíron en profundos acuíferos. Agocháronse nun lugar que se chama Irimia, e mentres estaban durmidos, Zaín o trasno das augas decidiu con sete chaves pechalos.

Trasno Zaín, gardián das augas
Ceiba os ríos coas túas sete chaves.
Que libres lle canten ao mundo
Unha cantiga e unha danza
Para que as túas augas as baile un neno
Para que as túas augas as beba un vello
Trasno Zaín gardián das augas
Ceiba os ríos coas túas sete chaves



4. Nada foi posible, Zaín indignado polo trato dos humanos coas augas decidiu non ceibalas, así que unha nena peixe, que son chamadas xacias, foi cantarllas aos humanos porque os seus corpos tamén eran ríos.

Eu veño do ventre dun río, xacia son do máxico Miño
Cántoche, humano, a ti, que o teu ventre tamén é río
Cántoche, humano, a ti, para que bailes comigo.

O canto da auga triste para que un día poida ser leda
Cántoche, humano, a ti, que o teu corpo tamén é río
Cántoche, humano, a ti, para que dances comigo.

Esta danza de vida que lle dea esperanza aos ríos
Cántoche, humano, a ti, que o teu corpo tamén é río
Cántoche, humano, a ti, para que dances comigo.

Eu veño do ventre dun río, xacia son do máxico Miño
Cántoche, humano, a ti, que o teu corpo tamén é río
Cántoche, humano, a ti, para que bailes comigo.



5. A nena xacia, sabedora de que Záin non era malo, só quería salvar as augas, foino buscar e achouno sentado nunha fervenza do Asma.

Había alí un grupo de pandeireteiras, as Searas se chamaban, que cantaban e tocaban e non deixan de cantar unha cantiga de paz ao son das súas pandeiretas.

Que soen as pandeiretas como canto das fervenzas

Que calen as metralletas como as pozas no silencio

Os nenos queren cantar para as guerras afastar

E as nenas queren bailar para a paz poder chamar

A cantar e a bailar que a paz hai que chamar

A bailar e a cantar para a guerra afastar.

Un canto de esperanza, un canto en armonía

Un canto para a vida que queremos compartida

Os nenos queren cantar para as guerras afastar

E as nenas queren bailar para a paz poder chamar

A cantar e a bailar que a paz hai que chamar

A bailar e a cantar para a guerra afastar.



6. Zaín e mais a nena xacia refuxiáronse nunha pequena adega, a Casa das Augas, onde se dedicaron a vendimar contos nun singular cesto de madeira de salgueiro construído por Avelino, o cesteiro de Pincelo.

Avelino era un cesteiro

Avelino, Avelino

Que fai cestos de salgueiro

Avelino, Avelino.

Avelino era un cesteiro

Avelino, Avelino

Tamén fai cestos de vimbio

Avelino, Avelino.

Avelino, Avelino

O cesteiro de Pincelo

Avelino, Avelino

Fai cestiños de salgueiro

Avelino, Avelino

Cesteiro do río miño

Avelino, Avelino

Noso cesteiriño amigo.



7. Foi alí, na beira do Miño, que encontraron un barqueiriño na súa barca da pousa, que así lle chamaban por aquelas terras (porque enriba dela pousaban os cestos). Este barqueiro mentres remaba cantaba.

Eu son un pobre barqueiro que o río quere amar
Remando, remando, remando

Un pouquiño para adiante outro pouco para atrás.

Encontreime cunha xacia, e ela moi triste está
Porqué incendiaron o bosque, lixaran o río, non para de chorar.

Eu fun coa miña barquiña todo o lixo alí limpar,
ela ficou contentiña e comezou así a falar:

Ola!, son a xacia Luviñas, a xacia das cariciñas
Se dos ríos habedes coidar, moitas cariciñas vos hei dar.



8. E pola praia pasaba a señora da cestola na cachola con moitos contos e cantigas, refráns, historias e poesías...

Levaba contos, tamén cantigas, refráns, historias e poesías.
Sorrisos, soños e amarguras, moita fartura no seu cestiño.

É a señora da cestola, da cestola na cachola.
É a señora da cestola, da cestola na cachola.

Leva patacas, tamén nabizas, allos, cebolas e unha chouriza
Algún repolo, tamén touciño, para facer o seu rico caldiño.

É a señora da cestola, da cestola na cachola.
É a señora da cestola, da cestola na cachola.

Leva xurelos, tamén sardiñas, rico peixiño fresco da ría.
Algún marisco e unha centola, moito agarimo na súa cestola.

É a señora da cestola, da cestola na cachola.
É a señora da cestola, da cestola na cachola.



9. O barqueiriño remaba buscando a paz, a paz dos ríos, das árbores, das xentes e do mar, pero, como dixo un sabio non existe un camiño para a paz, senón que a paz é o camiño. Na súa viaxe cara ao mar, ía nomeando os lugares por onde aquel río pasaba: Irimia, Pastoriza, a Terra chá, a Lagoa de Cospeito, Lugo, Portomarín, Belesar, Ribeira Sacra, Os Peares (Ola, río Sil!), Ourense, Ribadavia, Crecente, Arbo, As Neves, Salvaterra (Ola, Portugal!), Tui, Goián, A Garda (Ola, mar!!!).

E no mar hai moitos peixiños; uns son grandes, outros pequeniños
Todos nadan devagariño, entre as ondas do mar mariño.

Peixiños, peixiños, peixiños no mar! Peixiños, peixiños, todos a nadar!
Peixiños, peixiños, peixiños no mar! Peixiños, peixiños, todos a nadar!

E no mar hai muitos peixiños; uns son grandes, outros pequeniños
Polbos, centolas, berberechiños, entre as ondas do mar mariño.
Peixiños, peixiños, peixiños no mar! Peixiños, peixiños, todos a nadar!
Peixiños, peixiños, peixiños no mar! Peixiños, peixiños, todos a nadar!



10. A señora contoulles a historia de Sabeliña, Sabelar, a pinguiña de mar que quería ser nena e coa area xogar.

Un día chegou dentro dunha alga a carta do pai das marés: "O grande océano estaba triste e cos homes tiña que falar porque ao mar non o paraban de mancar". Pediulle un favor á onda grande: "Deixa que a pinguiña sexa nena e cos homes poida falar". Mais á nai custáballe moito ceder unha das súas pingas que criara con cantos de berce, que aniñara entre raias e douradas, entre luras e estrelas salgadas.

Aquela noite o mar armouse en temporal, foron ceibadas miles de ondas e na retirada unha delas ficou deitada na area. A lúa daquela noite acariñouna, as estrelas entreagáronlle o seu ollar, pintáronlle bicos tamén, as algas deseñáronlle o cabelo, as cunchas déronlle mans, brazos e pernas, o vento constituíu o seu sorriso, as gaivotas déronlle a fala musical e o mar cunha cantiga a agasallou.

Na mañanciña, durmidiña na area, na praia unha nena espertou. Todos os veciños se sorprenderon ao ver xogar tan cedo unha nena soíña. Cando foron preguntar, só escuitalaban esta cantiguiña.....



Sabeliña, sabelar, filla da onda do mar
Sabeliña quer ser nena e coa area xogar.
Pero como vas ser nena, Sabeliña, Sabelar
Se ti só es unha pinga, unha pinguiña de mar?

Sabeliña, sabelar filla da onda do mar
Aos humanos quere contar, aos humanos quere cantar.
Aos humanos quere contar, aos humanos quere cantar,
Tedes que coidar o mar e deixalo de mancar.

11. Aquela noite, a nena de auga ficou durmida na súa nube alá deitada para acordar de mañanciña feita chuviña ou xiada.

Durme, pequena auga, na túa nube alá deitada
Durme que acordarás feita chuviña ou xiada
Regarás toda a terra, ás flores, árbores e plantas
Novos froitos darán cheos de vida e esperanza.



AGRADECIMENTOS:

- A Anxo Moure e Marta Fada polo apoio, cariño e complicidade no traballo.
- A Montse Escudero e familia pola súa calorosa hospitalidade e colaboración nas gravacións das "Pandeiretas contra metralletas" e "Cestola na cachola" e a Isaac Millán pola gravación, mesturas e a súa masterización.
- A Marce Villaverde, Rubén Pastoriza e Suso Feixón, que levan o ritmo das augas nas súas percusións. A este último tamén polo seu traballo de mesturas e masterización final.
- A Ricardo Spencer pola gravación e a Renato Spencer polas mesturas e cavaquiño.
- A María Comesaña pola súa delicada voz no "Canto da xacia" e "Peixiños"
- A Narciso Varela e todas e todos os que me deron a oportunidade de levar estes contos e cantos por centros de ensino, culturais, bibliotecas...
- A Alfonso Rodríguez e familia polos seus ánimos e constante apoio.
- A Ramón Anxo Martíns pola súa boa disposición nas correccións ortográficas.
- Ás nenas e nenos, nais e pais que ides escoitar estes e outros cantos e contos que coidan da terra, dos ríos e do mar.

1ª edición: marzo de 2018.

Texto: Anxo Moure e Servando Barreiro.

Correccións: Ramón Anxo Martíns.

Música: Servando Barreiro.

Producción e dirección musical: Servando Barreiro.

Ilustracións e maquetación: Servando Barreiro.

ISBN: 978-84-697-8144-9

Depósito legal: VG 142-2018

Edita: 2Teixos EcoEditora

A.C. Papaventos Educación ambiental

Garabelos, 14

27518 Chantada, Galiza